

**III. OUTRAS DISPOSICIÓNS****CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL**

*ORDE do 11 de marzo de 2024 pola que se modifica a Orde do 2 de xaneiro de 2024 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas destinadas á mellora das estruturas de produción das explotacións agrarias, no marco do Plan estratéxico da política agraria común de España 2023-2027, cofinanciadas polo Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader), e se convocan para o ano 2024 (códigos de procedemento MR404A, MR404B, MR405D, MR405E, MR405F e MR405G).*

O 22 de xaneiro de 2024 publicouse no *Diario Oficial de Galicia* a Orde do 2 de xaneiro de 2024 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas destinadas á mellora das estruturas de produción das explotacións agrarias, no marco do Plan estratéxico da política agraria común de España 2023-2027, cofinanciadas polo Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader), e se convocan para o ano 2024 (códigos de procedemento MR404A, MR404B, MR405D, MR405E, MR405F e MR405G).

O artigo 24 da dita orde establece que o prazo de presentación de solicitudes será de 2 meses, que se contará desde o día seguinte ao da publicación da orde no *Diario Oficial de Galicia*.

O artigo 4 indica que as solicitudes de axuda serán cubertas a través da aplicación informática Melles, á cal se pode acceder mediante a seguinte ligazón: <https://melles.xunta.gal/melles/sede>

Ademais, a disposición adicional cuarta establece que se habilita o Sistema de xestión de explotacións agrarias de Galicia, Xeaga, para actualizar os elementos da explotación, accedendo a esta ferramenta mediante a ligazón <https://xeaga.xunta.gal/xeaga/> antes de presentar a solicitude destas axudas.

Desde que se publicou a orde de axudas, estas dúas ferramentas (Melles e Xeaga) non están a funcionar correctamente, o que imposibilita a correcta presentación das solicitudes de axudas.

Cubrir unha solicitude destas axudas non é unha tarefa sinxela, require un grande esforzo e tempo. A solicitude leva implícita un estudo de viabilidade económica que demostre que se cumpre co requisito de ser viable economicamente. Para realizar este estudo é ne-



cesario dispor dunha descrición exhaustiva da situación inicial e final da explotación agraria, que inclúe, entre outros elementos: maquinaria, construcións, instalacións, parcelas, detalle de animais, unidades produtivas, man de obra ou plan de produción.

Esta ardua tarefa, que de momento non se puido levar a cabo correctamente debido ao mal funcionamento das ferramentas informáticas que a Administración puxo á disposición das persoas solicitantes, xustifica a necesidade de modificar o prazo de presentación de solicitudes sen que se prexudiquen os dereitos de terceiros. Polo tanto, o prazo de presentación de solicitudes será de 3 meses desde a data de publicación da Orde do 2 xaneiro de 2024 (DOG do 22 de xaneiro).

En consecuencia, de conformidade co previsto no artigo 30.1.3 do Estatuto de autonomía de Galicia e no uso das facultades que me confire a Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e no uso das competencias que me confire a Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia,

#### DISPOÑO:

Artigo único. *Modificación da Orde do 2 de xaneiro de 2024 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas destinadas á mellora das estruturas de produción das explotacións agrarias, no marco do Plan estratéxico da política agraria común de España 2023-2027, cofinanciadas polo Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader), e se convocan para o ano 2024 (códigos de procedemento MR404A, MR404B, MR405D, MR405E, MR405F e MR405G)*

A Orde do 2 de xaneiro de 2024 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas destinadas á mellora das estruturas de produción das explotacións agrarias, no marco do Plan estratéxico da política agraria común de España 2023-2027, cofinanciadas polo Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader), e se convocan para o ano 2024 (códigos de procedemento MR404A, MR404B, MR405D, MR405E, MR405F e MR405G), queda redactada como segue:

Un. Modifícase o artigo 24, que queda redactado como segue:

Artigo 24. *Prazo de presentación de solicitudes de axuda*

«O prazo de presentación de solicitudes será de 3 meses, que se contará desde o día seguinte ao da publicación da orde no *Diario Oficial de Galicia*. Entenderase como último



día do prazo o correspondente ao mesmo ordinal do día da publicación. Se o último día do prazo é inhábil, entenderase prorrogado ao primeiro día hábil seguinte e, se no mes de vencemento non hai día equivalente ao inicial do cómputo, entenderase que o prazo remata o último día do mes. Una vez rematado o prazo de solicitude e antes da aprobación, non se admitirán cambios no referente aos investimentos ou aos criterios de prioridade.

As persoas solicitantes deberán ter en conta que mentres non adquiran a condición de beneficiarias, coa aprobación da axuda, non poderán transferir a solicitude a outra persoa física ou xurídica aínda no suposto de que esta cumpra os requisitos e asuma os compromisos. Exceptúase o cambio de personalidade xurídica cando esta non implique ningún cambio na participación ou composición da persoa solicitante».

Disposición derradeira única. *Entrada en vigor*

Esta orde entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 11 de marzo de 2024

José González Vázquez  
Conselleiro do Medio Rural

